



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 11 DE MAIO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00022651T.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00022199P.

Aprobación do expediente do “Contrato privado da actuación musical “Os 40 pop Santiago” durante as festas da Ascensión 2023.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do *Contrato privado da actuación musical “Os 40 pop Santiago” durante as festas da Ascensión 2023*, cun orzamento base de licitación de 36.600,00 € (base imponible de 30.247,94 € máis IVE do 21% de 6.352,06 €).

Segundo: Abrir o procedemento negociado sen publicidade.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 36.600,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 33800 2269900.

3. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00022201X.

Aprobación dos prazos de solicitude, do procedemento de admisión e prezos do programa municipal de conciliación de verán 2023.

Acórdase:

1.- Aprobar os prazos de solicitude e o procedemento de admisión do programa municipal de conciliación de verán 2023, destinado á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago, que terá lugar nas instalacións dos CEIP Quiroga Palacios e Monte dos Postes e que se desenvolverá en 6 quendas.

QUENDAS	DATAS	TOTAL DÍAS
1ª QUENDA	Do 22 de xuño ao 30 de xuño do 2023 (22, 23, 26, 27, 28, 29, 30).	7
2ª QUENDA	Do 3 ao 14 de xullo do 2023 (3, 4, 5, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14).	10
3ª QUENDA	Do 17 ao 28 de xullo do 2023 (17, 18, 19, 20, 21, 24, 26, 27, 28).	9
4ª QUENDA	Do 31 de ao 11 de agosto do 2023 (31, 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11).	10
5ª QUENDA	Do 14 ao 1 de setembro do 2023 (14, 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 28, 29, 30, 31, 1).	14
6ª QUENDA	Do 4 ao 8 de setembro do 2023 (4, 5, 6, 7, 8).	5 aprox

2.- Aprobar os prezos do programa municipal de conciliación de verán 2023, nos termos que se recollen neste informe e na memoria económica asociada ao expediente do contrato de licitación de servizos deste programa:

PREZO PÚBLICO de cada quenda	ALMORZO	XANTAR	ACTIVIDADES	TOTAL
Quendas 2ª, 3ª, 4ª e 5ª	6 €	10 €	18 €	34 €
Quendas 1ª e 6ª	3 €	5 €	9 €	17 €

En consecuencia, para as modalidades ofertadas para as familias, apróbase a seguinte táboa de prezos por modalidades:

PREZO PÚBLICO de cada quenda	CON ALMORZO	CON XANTAR	SÓ ACTIVIDADES	MODALIDADE COMPLETA
Quendas 2ª, 3ª 4ª e 5ª	24 €	28 €	18 €	34 €
Quendas 1ª e 6ª	12 €	14 €	9 €	17 €

3.-A prestación do servizo correspondente a este procedemento estará condicionado, en todo caso, polo resultado do proceso de licitación para a prestación do Servizo.